

PREMIOS DO XVIII CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA” 2021 CONCELLO DE LALÍN

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o 28 de setembro de 2021, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria dos premios do **XVIII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2021** (publicado o seu texto íntegro no BOP nº 191 de 04/10/2021 e o extracto da convocatoria no BOP nº 195 de 08/10/2021), organizado a través da Oficina de Igualdade coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións, física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural, vicaria..., así coma nos efectos e consecuencias da mesma.

Reunido o xurado o día 16 de novembro de 2021 **acorda**, tras unha meditada deliberación que entre as 20 cartas preseleccionadas das 93 orixinais presentadas, **propoñer a concesión dos premios (segundo as bases reguladoras do concurso) ás seguintes autorías:**

PREMIOS	AUTORÍA	POBOACIÓN
1º premio (Tablet 10,4” 32GB valorada en 229,00 € e diploma acreditativo)	Martiño Riera Rodriguez coa carta titulada: <i>Refuxio nos libros</i>	Lalín
2º premio (Tablet 10,1” 32GB valorada en 169,00 € e diploma acreditativo)	Amaia Barrena García coa carta titulada <i>Miedo en femenino</i>	Bilbao
3º premio (Lector de libros tinta electrónica 6” 8GB valorado en 109,00 € e diploma acreditativo)	Paula Martínez Busto coa carta titulada <i>Un ramiño de violetas</i>	Fontao - Vila de Cruces

A composición do xurado, foi a seguinte:

Presidencia: Concelleira delegada de Política Social.

Vogais:

- Concelleiro delegado de Xuventude.
- Concelleira do PSOE.
- Asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres.
- Axente de Igualdade.
- Técnica do gabinete de prensa.

Secretaría: Axente de Igualdade.

O fallo do xurado recolleuse en acta e foi levado á Xunta de Goberno Local, o día 23 de novembro de 2021, para a aprobación da concesión dos premios.

O acto de entrega será o sábado 27 de novembro ás 18:00 h. no Vestíbulo do Concello.

Lalín 23 de novembro de 2021

